

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 17 de abril de 2015 pola que se convoca o I Simposio internacional aprendizaxe-servizo na educación superior. Innovación, calidade e institucionalización.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2015 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, convócase, en colaboración coa Rede de excelencia Universidade, Innovación e Aprendizaxe na Sociedade do Coñecemento, o I Simposio internacional Aprendizaxe-servizo na educación superior. Innovación, calidade e institucionalización, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

– Analizar as posibilidades de aprendizaxe-servizo no marco do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

– Promover o coñecemento e a reflexión sobre a aprendizaxe-servizo nas universidades de Galicia.

– Estudar posibles estratexias de incorporación e/ou institucionalización da aprendizaxe-servizo na educación superior.

– Coñecer experiencias de aprendizaxe-servizo desenvolvidas ou en desenvolvemento nas universidades de Galicia.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

– A aprendizaxe-servizo e a innovación na universidade; sentido e posibilidades.

– A aprendizaxe-servizo como innovación educativa de aprendizaxe universitaria. As posibilidades de institucionalización.

– Aprendizaxe-servizo e universidade en Galicia: posibilidades de desenvolvemento.



– Con que experiencia de aprendizaxe-servizo contamos nas universidades do Sistema universitario galego?

3. Destinatarios.

Profesorado das universidades de Galicia, así como persoal en formación (bolseiros FPI, FPU e bolseiros predoutorais e posdoutorais da Xunta de Galicia) e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

Lugar: EGAP, rúa Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Data: 27 de maio de 2015.

Horario: mañá e tarde.

Duración: 8 horas lectivas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Inscripción.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>

O prazo para inscribirse estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata as 14.00 horas do 19 de maio de 2015.

Poderá obterse calquera outra información, desde as 8.30 ás 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41; 981 54 62 39.

7. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poñan xurdir no desenvolvemento deste simposio, así como a facultade de cancelalo se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.



8. Certificado de asistencia oficial.

Ao final do simposio entregárase un certificado de asistencia a aquelas persoas inscritas que tivesen participado asiduamente e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas; para estes efectos, todos os alumnos deberán identificarse nos preceptivos controis de asistencia. Neste documento aparecerán, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data, o lugar de realización e o selo oficial da institución.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2015

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

